



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO (DOWN LUGO) PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO PILOTO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E INTEGRACIÓN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade,

DECLARA:

Que a Consellería de Política Social ten previsto formalizar coa entidade ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN LUGO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que estenderá os seus efectos dende a súa formalización ata o 31 de decembro de 2019. Non obstante, as accións englobadas no presente convenio que realizase DOWN LUGO dende o 1 de xaneiro de 2019 tamén poderán ser subvencionadas ao seu abeiro coa achega da Consellería de Política Social.

Que o instrumento convencional ten por obxecto a colaboración por parte da Consellería de Política Social e a Asociación síndrome de DOWN LUGO para a execución dun proxecto piloto de realización de actividades de aprendizaxe e integración de dúas persoas con síndrome de down, seleccionadas por DOWN LUGO, mediante prácticas formativas na Consellería de Política Social ou, de ser o caso, noutras consellerías da administración xeral da Xunta de Galicia, coas que esta Consellería asine o correspondente acordo de colaboración, e, en todo caso, en dependencias situadas na cidade de Lugo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar fundamentase no seguinte:

O obxecto do convenio, a realización dunha experiencia piloto, permitirá obter resultados transferibles ás políticas de integración social e laboral das persoas con discapacidade.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que a desenvolve, a Asociación Síndrome de DOWN LUGO, é unha entidade que utiliza un enfoque integral e individualizado na determinación das actuacións de intervención en función das necesidades de cada persoa usuaria, centrado nas potencialidades de cada persoa e non nas súas carencias, baseado entre outros nos principios de aprendizaxe funcional e socializador.





Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 176/2015, de 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste asino esta memoria en Santiago de Compostela, a 17 de xaneiro de 2019

